

**Expediente núm.:** 7312/2018

**Documento de Formalización do Contrato**

**Procedemento:** Aberto simplificado

**Asunto:** EDUSI: Contratación obra, Rehabilitación das Vivendas dos Mestres e  
Rehabilitación Enerxética da Biblioteca

**Documento asinado por:** O Alcalde, o Secretario, o Representante da Empresa.

## DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Dunha parte, XOSÉ REPRESAS GIRÁLDEZ Alcalde-Presidente do Concello de Ponteareas con NIF núm. 35546639R, asistido do Secretario da Corporación PABLO BAENA CALDERÓN con NIF 15408296K, que dá fe do acto.

Doutra parte JOSE LUIS PÉREZ DONSIÓN con con NIF. 76802674Q en representación da empresa INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L. con NIF. Núm. B-94098035, con domicilio a efectos de notificacións en C/ B, nº3 baixo, Lalín, correo electrónico administracion@innovadesarrollos.es

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do seguinte contrato:

Tipo de contrato: ADMINISTRATIVO

Subtipo do contrato: OBRAS

Obxecto do contrato: Contratación obra, Rehabilitación das Vivendas dos Mestres e  
Rehabilitación Enerxética da Biblioteca

Procedemento de contratación: Aberto Simplificado

sumario Tipo de Tramitación: ordinaria

Código CPV: LOTE 1: 45200000-9, 45321000-3, 45261420-4

LOTE 2: 45200000-9, 45321000-3, 45261420-4

Valor estimado do contrato: LOTE 1: 214.454,39€ LOTE 2: 151.232,34€

Orzamento base de licitación IVE excluído:

LOTE 1: 214.454,39 EUROS IVE%: 21.445,44 EUROS

LOTE 2: 151.232,34 EUROS IVE%: 31.758,79 EUROS

Orzamento base de licitación IVE incluído:

LOTE 1: 235.899,83 EUROS

LOTE 2: 182.991,13 EUROS

Duración máxima:

LOTE 1: 4 MESES

LOTE 2: 3 MESES

Dita adxudicación foi aprobada por Resolución de Alcaldía de data 28 de decembro de 2018, segundo despréndese dos seguintes

## **ANTECEDENTES**

### **Documento Data/Núm.**

Proposta de contratación do Servizo 13/11/2018

Informe de Secretaria 21/11/2018

Informe de Intervención 22/11/2018

Resolución do órgano de contratación 22/11/2018

Prego de cláusulas administrativas 22/11/2018

Anuncio de licitación 22/11/2018

Resolución de adxudicación 28/12/2018

E convindo a ambas as partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato de subministración, formalízano neste documento administrativo, con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.** INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L. comprométese á realización das seguintes prestacións: Contratación obra, Rehabilitación das Vivendas dos Mestres e Rehabilitación Enerxética da Biblioteca , con arranxo prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas, que figuran no expediente, documentos contractuais que acepta incondicionalmente e sen reserva algunha e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade nel.

**SEGUNDA.** O prezo do contrato, IVE incluído, é o de LOTE 1: 202.042,13 euros LOTE 2: 154.678,31 euros.

**TERCEIRA.** O prazo de execución do contrato é de LOTE 1: 4 MESES LOTE 2: 3 MESES

**CUARTA.** JOSE LUIS PÉREZ DONSIÓN en representación da empresa *INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L.* presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que é documento contractual, asinándoo neste acto e sométese, para cando non se atope nel establecido aos preceptos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

**QUINTA.** A factura para ser considerada correctamente cumprimentada deberá incluír:

- Lugar e data de emisión.
- Número e no seu caso, serie.
- Nome e apelido ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expedidor.

- Órgano que celebra o contrato, con identificación da súa dirección e número de identificación fiscal (Concello de Ponteareas).
- Prezo do contrato (con desenglobe do IVE).
- Descrición pormenorizada do obxecto do contrato.
- Xunto ca descrición do servizo, se debe incluír a seguinte lenda:

#### FONDOS FEDER

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional. Una maneira de facer Europa

EDUSI HABITAT SAUDABLE, Concello de Ponteareas

**SEXTA.** A entidade adjudicataria estará obrigada a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2. do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, e especialmente as seguintes:

- a) Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións necesarias para o obxecto do contrato, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional.
- b) En toda difusión pública ou referencia as actuacións previstas no contrato, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc...), se deberán incluír de modo destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade cas normas gráficas establecidas, así como referencia á Unión Europea y ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, incluíndo o lema "Una maneira de facer Europa".

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**